



CHOCOLITOS

4 AGOSTO • 19:30 H
PASARRÚAS. Inicio na Praza de Ribadavia.

PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE

4 AGOSTO • 20:00 H
Praza do Concello.

JANO SEN MEDIDAS

4 AGOSTO • 20:30 H
CLOWN-MALABARES. Praza de Pontearreas.

CHOCOLITOS

4 AGOSTO • 20:45 H
PASARRÚAS. Inicio na Praza de Santiago.

SOMOS CIRCO

4 AGOSTO • 21:15 H
Alameda de Castelao.

VOLANDO... VENGO

4 AGOSTO • 22:00 H
TEATRO CIRCO. Pista da Xunqueira.

LA PENÚLTIMA SABINERA

4 AGOSTO • 23:15 H
O MELLOR TRIBUTU A JOAQUÍN SABINA. Praza da Torre.

● Actuacións
— Pasarrúas

XXIV
FESTIVAL

Artistas de Rúa



Redondela

4 DE AGOSTO DE 2023



CONCELLO DE
REDONDELA

turismo
CONCELLO DE REDONDELA



CHOCOLITOS

4 AGOSTO • 19:30 H

PASARRÚAS. INICIO NA PRAZA DE RIBADAVIA.

“Os Chocolutos” é un espectáculo familiar interpretado por dous personaxes con traxes articulados con movementos realistas e fantásticos. Animados con animatronics nos ollos e a boca.



PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE

4 AGOSTO • 20:00 H

PRAZA DO CONCELLO.

¿Que lle acontece a un pallaso cando o seu ego supera o seu propio nariz? Descubreo neste trepidante espectáculo. O terceiro de Peter Punk no que comparte elenco con Brais das Hortas. Un tendedeiro en equilibrio, un salto ao baleiro en monociclo, un voluntario morto e resucitado en escena.



JANO SEN MEDIDAS

4 AGOSTO • 20:30 H

CLOWN-MALABARES. PRAZA DE PONTEAREAS.

JANO COSTAS

Xogar coma un neno atrapado nos medos dun adulto. Mesturar a destreza dos malabares, a forza das acrobacias e o desenfrenado inxenio coa participación do público. Celebrar un gol, saltar á corda, percorrer unha distancia sobre as mans, soñar vendo as estrelas, imitar un bailar ridículo, argallar unha broma ou crer na maxia. Humor orixinal, participativo e arriscadamente divertido.



CHOCOLITOS

4 AGOSTO • 20:45 H

PASARRÚAS. INICIO NA PRAZA DE SANTIAGO.

“Os Chocolutos” é un espectáculo familiar interpretado por dous personaxes con traxes articulados con movementos realistas e fantásticos. Animados con animatronics nos ollos e a boca.



SOMOS CIRCO

4 AGOSTO • 21:15 H

ALAMEDA DE CASTELAÑO.

COMPAÑÍA DESASTRONAUTS

Damas e cabaleiros, nenos e nenas, o espectáculo que todos estiveron esperando. Raquel Feroz, a auténtica Raíña do Circo, deixarache pampo virando sobre o seu trapecio. Girisho, o Gran Ditador do Circo, sorprenderche coa súa forza e estupidez. Xuntos danche circo 100% puro. Alto en acción e baixo en conversación. Alto en satisfacción e baixo en decepción. Alto en irresponsabilidade e baixo en precaución. É rápido, é divertido, é acrobático, é fermoso. Viaxaron polo mundo realizando as súas increíbles habilidades e agora preséntanche a súa obra mestra. Tes sorte, Somos Circo!



VOLANDO... VENGO

4 AGOSTO • 22:00 H

TEATRO CIRCO. PISTA DA XUNQUEIRA.

COMPAÑÍA KANBAHIOTA

Os malabares, a danza, o circo e a maxia son as ferramentas destes artesáns do espectáculo. Catro trapecistas, unha barra e unha estrutura de trapecio. Só hai que conseguir axustalo para poder conquistar o aire coas súas acrobacias, non sen algunha caída inesperada...



LA PENÚLTIMA SABINERA

4 AGOSTO • 23:15 H

O MELLOR TRIBUTA A JOAQUÍN SABINA. PRAZA DA TORRE.

A Penúltima Sabinera é actualmente o máis grande tributo a Joaquín Sabina. Cun directo coidado, emotivo e irresistible, consegue desde o primeiro momento, unha total conexión e complicidade co público.

Artistas de Rúa